

REGULAMENTO INTERNO NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA LUDOTECA MUNICIPAL

Normativa aplicable

- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Decreto 354/2003, do 16 de setembro, polo que se regulan as ludotecas como centros de servizos sociais.

1.- DATOS DE CENTRO

DEFINICIÓN DO CENTRO:

A Ludoteca de Mondoñedo é un centro diúrno de actividade regular, dirixido á poboación infantil en idades comprendidas ente os 3 e 12 anos e as súas familias. Ten por obxecto potenciar o nacemento dunha actividade lúdica favorecedora do desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial do neno, así como posibilitar o acceso ao mundo da actividade lúdica daqueles sectores cun contorno socio-cultural menos favorecido.

Ten unha intención educativa, social e cultural, tratando de educar no tempo libre dos nenos, a través de xoguetes e xogos.

DATOS IDENTIFICATIVOS:

Nome do Centro: Ludoteca de Mondoñedo

Enderezo: Avda. Bos Aires, 9 MONDOÑEDO

Teléfono: 982 524 003

Fax: 982507421

email:concellomondonedo@gmail.com

Responsable: Director/a do mesmo Centro

Titularidade: Concello de Mondoñedo. Nº de rexistro no RUEPSS: E0539.

Representación Legal: Alcalde/Alcaldesa-Presidente/a do Concello de Mondoñedo.

Data do Permiso de Inicio de Actividade: 12.07.2017

Tipo de Xestión: Mixta

2.- FUNCIONAMENTO:

• OBXECTIVOS

- 1.- Ofrecer aos nenos e nenas un espazo de ocio onde o xogo terá o papel protagonista e cuxa programación será atractiva e variada.

- 2.- Colaborar no proceso de socialización dos infantes.
- 3.- Contribuír o desenvolvemento da creatividade dos nenos e nenas.
- 4.- Propiciar a participación activa en xogos e actividades establecendo relacións equilibradas entre eles.
- 5.- Introducir diversidade de actividades .
- 6.- Recoñecer e fomentar a importancia da actividade lúdica para o desenvolvemento humano.
- 7.- Invitar á participación e colaboración ás familias.
- 8.- Velar polo desenvolvemento físico, afectivo, social dos/as nenos/as.
- 9.- Respetar o desenvolvemento natural, os ritmos dos/as nenos/as.

3.- CAPACIDADE TOTAL DO CENTRO:

O centro conta con 40 PRAZAS autorizadas e repartidas en 2 unidades:

3-6 ANOS: MÁXIMO 25 MENORES

6-12 ANOS: MÁXIMO 30 MENORES

DESTINATARIOS:

As persoas usuarias do Centro serán nenos e nenas de idades comprendidas entre 3 e 12 anos.

4.- DESCRICIÓN DOS SERVIZOS QUE OFERTA:

1.- Servizos de ocio

1.1. Campamentos

Destinados a nenos e nenas de 3 a 12 anos, organizando agrupamentos e actividades adaptadas a cada idade. Ao ser tres as monitoras, poderemos ofrecer un servizo máis completo e adaptado a cada etapa ou nivel evolutivo.

Nestes campamentos levaranse a cabo actividades de diversa índole, cun forte compoñente lúdico, pero sempre fomentando a transmisión de valores fundamentais, como a valoración e respecto pola natureza e o entorno, compañeirismo, traballo cooperativo, respecto pola diversidade, os animais...

É importante destacar que neste sentido, se intentará colaborar na medida do posible con outras asociacións do entorno próximo, favorecendo a relación entre todos e que os nenos e nenas conten coa maior oportunidade de realización de actividades de interese.

Desta forma foméntase a creación dun clima de confianza e cooperación entre todos os colectivos do concello.

2.- Servizo de cociña e merenda

Entendendo este servizo de uso exclusivo para aqueles nenos e nenas que están no campamento no horario do xantar. O xantar terá que ser levado ó centro por parte das familias e neste serviráselle a cada neno/a o seu menú, coas merendas ocorrerá o mesmo procedemento que co xantar.

3.- Servizo de animación.

3.1. Aniversarios

3.2. Festas temáticas.

Nota: este servizo soamente será para nenos e nenas usuarias do centro

5.- SISTEMA DE ADMISIÓN E BAIXAS

5.1.- Admisión

5.1.1.- Formalizarase inscrición.

5.1.2.- A inscrición será por orde de solicitude.

5.1.3.- Haberá unha lista de agarda para cubrir as posibles baixas.

Criterios de admisión prioritarios:

- Ingresos económicos da unidade familiar.
- Nenos con discapacidade.
- Familias numerosas.
- Familias monoparentais.
- Nenos/as con irmáns no centro.

5.2.- Requisitos de acceso:

Ter unha idade comprendida entre os 3 anos e os 12.

5.3.- Documentación:

- Orixinal e copia do documento nacional de identidade dos pais e/ou titores
- libro de familia
- DNI o partida literal de nacemento do niño.
- Tarxeta sanitaria del niño/a
- cartilla de vacinación (opcional/voluntario)
- Informes médicos en el caso de ser necesarios
- Autorizacións para recollida dos nenos/as
- Autorización para administración de alimentos

5.4.- Causas de baixa

Causará baixa na Ludoteca, por algunha das causas seguintes:

5.4.1. Por incumprimento da idade máxima regulamentaria.

5.4.2. Por solicitude expresa da baixa

5.4.3. Incompatibilidade ou inadaptación no neno/a para estar no centro

5.4.4. Por solicitude das familias ou representantes legais mediante instancia asinada, presentada na escola quince días antes do comezo do mes seguinte, (Anexo).

5.4.5.- Pola falla de pago da cota establecida durante dous períodos contratados consecutivos, ou tres alternos, calquera que sexa o curso ao que se refire a débeda.

5.4.6.- Por comprobación de falsidade, ocultación ou manipulación nos documentos ou datos presentados.

5.4.7.- Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta do neno/a para permanecer no centro.

5.4.8.- Por calquera outra causa que sexa considerada de suficiente entidade, previo informe do equipo directivo, como incumprimento reiterado das normas do centro.

5.4.9.- As baixas producidas por calquera dos motivos anteriormente expostos, se cubrirán coa lista de espera.

6.- CALENDARIO E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

A ludoteca estará aberta todo o ano, non tendo período vacacional.

O horario desta actividade será tanto de mañá como de tarde en horario ininterrompido e incluso nas horas da comida para poder facilitar un amplo servizo durante o maior número de horas.

7.- NORMATIVA REFERENTE A TODO O PERSOAL

O persoal co que se contará será especializado respectando a proporción máxima de nenos que poden ser atendidos; un traballador cada 25 nenos, comprendida na etapa de tres a a seis anos, e un traballador por cada 30 nenos, comprendida na etapa de nenos maiores de seis anos.

8.- NORMATIVA REFERENTE AOS NENOS/AS

8.1. Dereitos dos nenos/as

a) Acceso a todos os servizos que se presten na ludoteca e a participar nas actividades programadas , sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- b) Á consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal da ludoteca como das demais persoas usuarias, e á intimidade persoal.
- c) Ser atendidos de maneira eficiente e correcta por todo o persoal da ludoteca, que estará identificado ante o usuario en todo momento.
- d) A garantirlle a confidencialidade dos seus datos de carácter persoal que figuren no expediente que se abra no momento do seu ingreso, no que constarán os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfonos para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.
- e) A teren unha atención individualizada acorde coas súas necesidades específicas.
- f) Recibir información suficientemente detallada dos programas e actividades a desenvolver na ludoteca, e sobre xogos e xoguetes como elemento educativo, na forma establecida no neste Regulamento.

8.2. Deberes dos nenos/as

- 8.2.1. Por ningún motivo saír das instalacións durante a xornada de permanencia no centro sen habelo comunicado con anterioridade por medio de una nota escrita de autorización dos seus pais ou titores.
- 8.2.2. Xustificar oportunamente as ausencias ante a/o educador/a por medio dunha nota escrita polos pais ou titores.
- 8.2.3. Permanecer no espazo das salas, a menos que as/os educadores/as autoricen a súa ausencia.
- 8.2.4. Acudir ás diferentes dependencias da escola, respectando os horarios establecidos en cada unha delas.
- 8.2.5. Facer uso adecuado e responsable do mobiliario, materiais e dos recursos da escola.
- 8.2.6. Respetar a individualidade e a diversidade
- 8.2.7. Asistir ás actividades escolares e de carácter formativo.
- 8.2.8. Comunicar a/ao educador/a correspondente calquera acto ou situación anómala que atente contra o seu benestar, integridade física ou emocional e/ou o benestar da comunidade educativa dentro ou fora da escola.
- 8.2.9. Utilizar o patio adecuadamente evitando empuxar aos/as compañeiros/as. Evitando poñer en risco a súa integridade física con accións que supoñan algún perigo ou risco.
- 8.2.10. Manter un ambiente de harmonía, cordialidade e amabilidade.
- 8.2.11. Facer bo uso dos aseos, evitando deixar abertas as chaves da auga ou as cisternas.
- 8.2.12. Facer as reclamacións que considere oportunas en forma respectuosa e seguindo as vías deseñadas para tal fin.

- 8.2.13. Respetar as pertenzas alleas e entregar a coordinación calquera obxecto que encontre.
- 8.2.14. Os nenos/as absterase de traer á escola teléfonos móbiles, tabletas, vídeo- consolas, etc.
- 8.2.15. Manter un trato amable e cordial cos/cas compañeiros/as, educadores/as, Directivos/as e demais integrantes da comunidade educativa. Cumprir co horario establecido pola escola. Os/as nenos/as poden chegar con retraso sempre e cando o faga acompañado polos seus pais ou titores, por razóns de forza maior.

2.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO

2.1.- Normas de convivencia

Para unha mellor convivencia e non interromper as actividades deberán respectarse os horarios de entrada e saída dos/as nenos/as. O horario del centro deberá cumprirse a menos que se informe con antelación á dirección do inconveniente ou da necesidade puntual que teñan os/as titores/as.

- Os/as nenos/as non deben asistir ao Centro se presentan síntomas de enfermidade: febre, diarrea, conxuntivites, pediculoses (piollos) ou calquera enfermidade infecto-contaxiosa.
- Se algún neno/a presenta síntomas de enfermidade durante a súa estancia no centro, avisarase aos pais con premura, para que, na medida do posible, o neno/a sexa recollido por eles ou algún familiar autorizado.
- En caso de accidente ou febre moi alta, o neno/a será trasladado ao Centro Sanitario máis próximo, comunicándoo á familia.
- É necesario coidar a hixiene persoal dos nenos/as.
- A ludoteca inclúe no seu programa a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre nenos e nenas, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- Nosas bases ideolóxicas contribúen a desenvolver nos/as nenos/as, a aprendizaxe na resolución pacífica de conflitos.
- O material non poderá sacarse do espazo da Ludoteca, manterase o orde e o coidado de todos os recursos que están a disposición dos/as nenos/as e dos adultos.
- As instalacións permanecerán en adecuado estado de limpeza e seguridade.
- En el Centro non se poderá fumar, en cumprimento da normativa vixente.
- Os/as nenos/as e persoal do centro participarán en simulacros de evacuación por emerxencias.
- As aulas se ventilan e limpan diariamente.

- O Centro cumpre coa protección de datos, de acordo á normativa vixente.

2.2.- Uniforme

Os/as nenos/as levarán roupa cómoda que lles permita moverse con plena comodidade para o desenvolvemento das actividades.

2.3.- Uso das dependencias e materiais

Poderanse realizar reunións nos locais da ludoteca polas asociacións de pais e nais, se as houbera, ou por grupos de nais, pais ou titores dos nenos/as usuarios da ludoteca, en transversalización coas actividades desenvolvidas na ludoteca canto teñan por obxecto os seus fins propios e non perturben o desenvolvemento normal da actividade. Para tal efecto, bastará a simple comunicación á dirección do centro da convocatoria da reunión con, polo menos, 48 horas de antelación.

2.4.- A Lingua

O idioma é un instrumento de comunicación, polo que primará este principio fundamental como elemento básico de socialización.

O idioma vehicular será o a lingua galega e a lingua castelá, facilitarase a accesibilidade lingüística de nenos/as e familias inmigrantes, ou doutras realidades idiomáticas.

2.5.- Fomento da igualdade

A ludoteca promoverá a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os/as nenos/as. A este fin poderá programar actividades para promover a igualdade entre os nenos/as e evitará, en todo caso, comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo.

9.- NORMATIVA REFERENTE A LAS FAMILIAS

Os/as nenos e nenas serán acompañados á entrada da ludoteca e alí serán recollidos/as.

No caso de que o neno/a sexa recollido por persoas distintas ás habituais avisarase ao Centro ou identificarase a persoa co DNI. Dita persoa será a mesma que foi autorizada no seu día de acordo a documentación coa que conta o centro.

As visitas dos/as titores/as ou familiares durante o horario de ludoteca deberán solicitarse con anterioridade.

As vías de comunicación entre os pais e titores e o centro serán: o teléfono da secretaría, correo electrónico e vía escrita a través das guías e asistentes.

Os pais e/ou titores están invitados a participar nas actividades que convoque o centro, propiciando o centro a participación dos mesmos a través de obradoiros, saídas didácticas, ...

Dereitos

Solicitar matrícula no caso de haber prazas dispoñibles e solicitar información sen discriminación por nacionalidade, raza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Al trato digno e respectuoso por parte do persoal docente e administrativo do centro.

Ao secreto profesional sobre os detalles do seu historial familiar, de saúde ou económico.

Ao realizar saídas ao exterior sempre e cando os menores vaian acompañados de adultos a cargo por parte do centro e co consentimento previo e por escrito dos pais e/ou titores.

Á intimidade persoal

Á atención individual a necesidades específicas

A recibir unha educación na tolerancia, igualdade, a convivencia democrática e libre

A participar nas actividades que convoca o centro

A dispoñer dun manual interno de funcionamento, plan de acción en caso de emerxencias, proxecto de actividades, informe anual, libro de reclamacións e rexistro de usuarios.

Deberes das familias e o alumnado

Cumprir coas normas que estableza o espazo para o seu bo funcionamento, recollidas no presente documento.

Manter o espírito cooperativo, de mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñados a facilitar e garantir unha boa convivencia.

Responsabilizarse en aquelas circunstancias que por motivos de saúde ou seguridade os nenos/as se vexa obrigado a abandonar temporal ou definitivamente o centro.

10.- Normativa referente á infraestrutura

Medidas de seguridade e hixiene

centro está dotado de alarma contra incendios; detectores de fume, extintores segundo a normativa vixente.

As dependencias se ventilan e limpan diariamente.

Os extintores son revisados e inspeccionados anualmente por profesionais. As saídas de emerxencia están sinalizadas.

O centro pose unha caixa de primeiros auxilios.

O centro contará cunha lista de contactos das familias para chamar en caso de calquera emerxencia.

En caso de emerxencia médica, chamarase ao servizo 112 seguindo as instrucións

médicas do persoal de emerxencias.

O centro conta con:

Póliza de responsabilidade Civil y de accidentes das persoas usuarias

Póliza de sinistros/danos

Libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias.

Proxecto organizativo de actividades a disposición das familias

Rexistro informatizado de persoas usuarias

Expediente individual.

Diligencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi modificada no Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 24 de novembro de 2017,(publicada aprobación inicial no BOP nº 288 de 18/12/2017), aprobada definitivamente e publicada no B.O.P. nº 031 de 07/02/2018.